

Opinións recollidas no [blog da Biblioteca do IES Sánchez Cantón](#) no curso 2007-2008

1. Este libro relata un serie de episodios baseados en feitos reais nun contexto como o da guerra de Saraxevo. Pareceume un pouco difícil de ler debido ao seu vocabulario e a que os relatos eran moi parecidos uns aos outros e son un pouco confusos. O capítulo que máis me gustou coido que foi o de "os francotiradores" xa me que me resultou entretido e cun final un tanto sorprendente. En resume, penso que o positivo deste libro é que é bastante curto e o feito de que sexan relatos faise máis ameno lelo. **(Noela)**

2. *Ruido, relatos de guerra* é unha novela dividida en 13 historias de Miguelanxo Murado. Todas teñen como tema principal a guerra, en concreto, a guerra iugoslava. O libro fíxoseme fácil de ler xa que non é moi longo e os relatos non son complicados de entender, aínda que ás veces houbo palabras que non coñecese. Sen dúbida, os relatos que máis me gustaron foron "Os chatarreiros" e "Grandes cambios no último minuto". O primeiro pareceume moi triste, pero moi realista. Este capítulo fíxome reflexionar e pensar na xente que aínda vive con minas ao seu redor. Na outra historia, un home e unha muller que levan menciñas e roupa para os necesitados na guerra atópanse cunhas mulleres e rapaces e deciden salvalos pasando por un control, pero entre eles había uns guerrilleiros, que terminan sendo executados, pero os demais conseguen salvarse. Mentres estaba a ler o libro, fíxenme un lío con algúns relatos xa que todas as historias teñen o mesmo tema, polo que ao rematar o libro, tiven que rereir algúns. En conclusión, recomendo ler este libro, sobre todo a quen lle gusten os libros de relatos. Ademais faise fácil de ler pola súa brevidade e non é moi difícil seguir as historias. **(Sara)**

3. A obra de Miguelanxo Murado é un conxunto de relatos sobre a guerra de Saraxevo que están baseados en feitos reais. O libro en xeral, non me desgustou a pesar de que este tema non sexa dos meus preferidos. Non me custou moito lelo porque está composto de pequenas historias que fan unha lectura doada e levadeira e ademais desta maneira, pódense apreciar diferentes puntos de vista con respecto a un mesmo tema. O capítulo que máis captou a miña atención, foi o de "Morte en Croacia" quizais porque me mantivo intrigada até o final coa dúbida de se o home morrería ou non e polos sentimentos que ía describindo ao longo da narración. Como remate, penso que é un bo libro como reflexión das cousas que ocorren na realidade pero das que os xoves non estamos acostumados a falar. **(Sandra)**

4. Este libro está dividido en 13 capítulos onde se trata o tema da guerra. Máis concretamente a guerra de Saraxevo. Este libro fíxoseme un pouco complicado de ler xa que daba nomes de organizacións políticas, que non coñecía, e falaba cun vocabulario referido á guerra que nalgúns momentos non entendía con claridade. Pola contra houbo un par de relatos que me gustaron, como son o de "Francotiradores" que me chocou o final, como ...; outro que tamén me gustou foi o de "Entre o millo" xa que demostra que non todo é o que parece e que pode dar toda unha volta no último intre. É un libro que se tivera un pouco máis de coñecemento sobre as guerras e partidos que se relatan seguramente me gustaría máis. **(Lúa do Mar)**

5. *Ruido, relatos de guerra* trátase dun libro ambientado na guerra de Serbia de 1991. Ao longo de varios relatos, os protagonistas (a meirande parte xornalistas) van describindo distintas situacións que teñen en común o clima de violencia e crueldade que caracteriza a calquera conflito bélico. Os distintos relatos non son illados senón interdependentes, e comparten o lugar onde se desenvolven e en moitos casos, que os protagonistas son xornalistas estranxeiros que están a informar dos acontecementos ao resto do mundo. Ao comezo do relato aparece unha conversa breve que serve como "introdución" do relato, malia que ás veces non teña unha relación directa. Ao meu parecer, o autor logra a partir de relatos soltos, que o lector se faga unha idea do que supón vivir unha experiencia tan difícil como unha guerra, de cando en vez introduce palabras nos idiomas da rexión para facer máis realista a acción. A consecuencia disto os relatos son bastante duros. En resumo, "Ruído..." é un bo libro, moi ben narrado breve e doado de ler, e que nos achega a un conflito ás veces esquecido. **(R.Javier)**

6. *Ruido relatos de guerra* pareceume un libro moi interesante que trata o tema da guerra dende un punto de vista persoal, dende o punto dunha experiencia propia. Penso que ao mostrar a guerra dese modo, como algo persoal e propio e non como un simple conxunto de cifras, perdas e vitorias, dálle un aspecto moito máis real, fai ver a guerra non como unhas imaxes no telexornal, senón como unha realidade espantosa que está aí aínda que non a queiramos ver. Os relatos, a parte deas introducións que son feitos reais, proporcionan unha visión da guerra dende varios puntos de vista, pero que ao fin e ao cabo son o mesmo, en todos se mostra o horror e o sufrimento da xente. Impactoume moito o relato no que un home vai conducindo e o paran e mátanos alí mesmo, esa angustia e a certeza de que é o último momento da vida, que non se pode facer nada por evitalo, é estarrecedor. Eu penso que este libro é unha lectura moi interesante, ten algo que, non sabería explicalo, pero que achega ao lector a un mundo moi presente na actualidade, un mundo que parecemos esquecer pero que aí está, con miles de historias como as dos relatos, o mundo da guerra. **(Raquel)**

7. Esta novela de M.A Murado está composta por unha serie de relatos. Todos eles rematan dunha forma trágica e o tema da guerra é común a todos eles. Ao principio parece un libro aburrido e pesado, que repite a mesma leira, páxina tras páxina, pero despois dáste conta de que non é así, de que realmente fai que caviles sobre o que liches e faiche recordar que, por desgraza, aínda hai xente no mundo que vive como moitos dos personaxes das diferentes historias; é algo sobrecolledor que resulta incluso impactante pero que está aí. O autor emprega un vocabulario sinxelo que fai que a lectura sexa máis levadeira. Houbo un relato, onde un home de entrada idade que se dedica a recoller a chatarra, que vai deixando a guerra alá por onde pasa, é axudado por un xmozo ex-soldado que faría calquera cousa para gañar cartos e voltar á súa casa o antes posible. O vello sempre lle está a dicir que os xitanos o perseguen, xa que saben moi ben que ten un don para ir salteando as minas que seguen activas e evitar así calquera calamidade, e que sempre lle chimpan a chatarra. Pero finalmente acaban ... Entretívome moitísimo e pareceume moi interesante. Animo aos meus compañeiros a que o lean, xa que é un libro algo diferente aos convencionais de relatos e vains sorprenden moito; e estou segura de que tamén os fará cavilar neses problemas que temos actualmente pero que non vemos ou non queremos ver. **(Aldara)**

8. Este é un libro de relatos que narran distintos sucesos da guerra en Serbia. Estes relatos tratan sobre a guerra e os seus desastres froito da estadía do autor no lugar desta fría guerra acontecida en 1991 e 1994. Un toque esencial neste libro que o fai moito máis crible é que o propio autor narra vivencias persoais a través dos diferentes protagonistas, que unhas veces saen ben parados das súas situacións de perigo e de subsistencia como é o caso dos oito soldados en " En mans de Deus " , e outras acaban morrendo como é o caso do que é asasinado polo francotirador. A linguaxe é bastante coloquial distinguindo algunha palabra propia do idioma serbio. O capítulo que máis me impactou foi o de "Grandes cambios no último minuto" xa que a pesar de axudar aos necesitados, os protagonistas tense que ver cunha situación moi presente na guerra, a morte, coa que uns homes ao seren guerrilleiros ... Nestes relatos vemos o comportamento das persoas en situacións límites. En conclusión , é un libro que me gustou moito e que ofrece unha visión da guerra certa e concisa xa que a trata desde distintos puntos de vista. E por último, conto que é un libro moi ameno con historias curtas e entretidas que manteñen a expectación do lector ata o final . **(Sara)**

9. O libro está constituído por unha serie de relatos curtos baseados na guerra de Saraxevo, sendo o que máis me gustou o relato "Francotiradores". Os relatos comezan cunha introdución dun feito real no que se basea a historia. Abarcan a guerra dende diferentes puntos de vista de varios personaxes: soldados, periodistas, voluntarios de ONGs, etc... É un libro que trata un tema interesante e que gusta dende o primeiro relato. Ademais é moi curto e doado de ler. **(Victor)**

10. O libro está bastante ben, nel relátanse historias reais ocorridas na guerra. Entre estas historias podes encontrar algunhas, aínda que pareza increíble, moi bonitas, coma por exemplo a do zoolóxico, e outras moi dramáticas, como a dos chatarreiros ou a dos amigos que estaban xuntos na guerra e morre un o ir cumprir cun cometido. En xeral o libro é moi interesante, xa que nel encontras moitas e diversas historias nas que nalgunhas te podes sentir identificado. **(Alba)**

11. A obra de Miguel Anxo Murado está baseado en historias de guerra. Acontecementos que lle acontecen aos reporteiros que exercen os seu labor no lugar onde existe a noticia bélica. Soldados novatos nunha guerra que non é a súa, os empregos derivados dun tempo de guerra (os chatarreiros), etc. Na miña opinión este libro ten un punto moi positivo: achega a situación real nun tempo de guerra; de como a poboación sofre, de como se enfrontan irmáns, de como a xente morre... Acerca unha vision, na miña opinión real, da guerra, tan real e á vez tan crúa que ás veces se trata dende un punto de vista irónico. Foi un libro que me gustou ler e ademais coméndoo pero á vez non direi que foi fácil de ler: existen algúns relatos cos que non encontras semellanzas co tema que se está a tratar en xeral. Por exemplo ``zapatos``. En resumo, é unha obra moi boa, que ofrece un tema diferente a tódolos demais libros que poidamos ter lido este curso. Recomendo a súa lectura. **(Paloma)**

12. *Ruído, relatos de guerra* é un libro dividido en varias historias, que tratan a guerra Croata de Independencia que tivo lugar entre 1991 e 1995. Aínda que cada relato ten personaxes diferentes todos eles coinciden en que contan a súa propia experiencia do que está a pasar nun país en guerra. Todas as historias coinciden no ambiente de frivolidade no que se desenvolven, contado desde distintos modelos de personaxe: soldados, xornalistas, habitantes de alí... O que máis me impactou deste libro foi a auténtica brutalidade da que se tinguiu esta guerra nunha sociedade de 1991; pareceume increíble que a piques de rematar o século XX un conflito bélico coma este estivese presente durante catro anos. Aínda que ten bastantes escenas duras e todas as historias non rematan cun bo final, paréceme un bo libro para ver no que consiste verdadeiramente a guerra, e recomendaríao para ler porque ademais é moi sinxelo. **(Tamara)**

13. *Ruído, relatos de guerra*, gustoume moito pois o saber que está baseado en feitos reais aínda que só sexa a primeira parte pois fáiseme moi interesante. Este libro está dividido en varios relatos da guerra de Saraxevo dos cales

o que máis me gustou foi o dos "Francotiradores", o protagonista facía o imposible por saber quen estaría en algunha ventá da praza, quen estaría a matar a esas persoas inocentes. O desenlace penso que non foi o máis acertado pero a iso nós xa non lle temos máis que facer. **(Paula)**

14. *Ruído, Relatos de Guerra* é un libro que trata a historia da guerra da antiga Iugoslavia, na que cada un dos capítulos trata a guerra desde un punto de vista diferente. Podemos sentir cómo foi esa guerra poñéndonos na pel dos periodistas que foron mandados á zona do conflito, de guerrilleiros croatas, de soldados enviados á zona... e incluso sentimos os estragos que causou a guerra tempo despois cando os chatarreiros teñen que camiñar entre as minas. Na miña opinión foi un libro moi entretido cun tema interesante e unha forma de ver o conflito moi aberta, desde todos os puntos de vista. O capítulo que máis me gustou foi o do Snijper (francotirador) do hotel. En resumo, paréceme un libro moi doado de ler con algunhas frases en dialectos serbios que son traducidas no propio libro para facilitar a súa lectura, recomendo este libro a todos ós que lles gusten os libros bélicos. **(Andrés)**

15. O libro é bastante interesante dentro do que cabe esperar dunha novela ambientada na guerra. Está composto por relatos curtos que tratan de guerra de Saraxevo. O difícil do libro é que a súa lectura resulta un pouco complicada xa que o vocabulario é un pouco complexo e os relatos son moi semellantes entre eles, facendo que ás veces se confundan. O capítulo que máis me chamou a atención foi o do zoo, onde un elefante sofre coma un soldado máis, as consecuencias da guerra. A pesar de todo, dános a entender a sorte que temos de vivir nun país, que non ten guerra ningunha. Por iso presenta aspectos e valores moi positivos, aínda tratando de guerra. Recomendo a súa lectura porque é bastante doado de ler, e ademais é interesante. **(Brandán)**

16. É un libro que me gustou moito porque che fai meterte con gran facilidade na trama de cada unha das historias que aparecen ao longo da lectura. Cada un dos relatos están dirixidos nunha mesma dirección, que non é outra que concienciaros acerca do que sucede cando hai unha guerra; a cantidade de mortos, destrución de familias, perda de fogares, o problema dos refuxiados... e o autor desenvolve os relatos tan ben que chegas a pensar que che está pasando realmente, que es ti o que está a sufrir, a pensar que ese será o teu derradeiro momento no mundo... A pesar de que o libro está formado por relatos distintos, a narración consegue que se perciba unha certa linearidade na historia, e logra encandilar na súa lectura grazas a unha linguaxe sinxela e fácil de comprender que nos sitúa nun tema desgraciadamente moi actual e que te permite gozar dun momento de lectura agradable a tamén dun momento de reflexión. Creo que queda claro que me gustou moito. **(Joaquín)**

17. Miguel Anxo Morado é o autor da novela "Ruído, Relatos de guerra". A novela divídese en 13 historias curtas nas cales se reflicte o tema da guerra de Saraxevo, en Serbia, no ano 1991. A argumentación dos relatos baséase nuns periodistas estranxeiros os cales describen as situacións a medida que as viven e ao mesmo tempo informan ao mundo sobre o que está a pasar na guerra de Serbia. Concluindo, o libro pareceume bastante interesante e entretido. O modo da linguaxe quizais era un pouco complicado, posto que se encontraba vocabulario noutras linguas, e os relatos tiñan parecidos entre eles. **(Teresa)**

18. *Relatos de guerra* é consecuencia da estada do novelista e periodista Miguel Anxel Murado na guerra dos Balcáns do 91 o 94. Esta guerra que influíu no carácter e forma de pensar de calquera humano que a sufriu, viviu ou tan só a observou, serviu para inspirar estes relatos desenrolados a partir de feitos reais. A pesares de que os relatos non son verídicos (só o comezo) non faltan para nada a realidade e transmiten unha crueza e una tristeza conmovedoras. O relato que máis me gustou foi o do reporteiro que fusilan, encantoume a maneira do autor de reproducir eses últimos momentos antes da morte cando se resigna a morrer. Así que para min foi un relato moi interesante, moi fácil de ler e que nos aporta un pouco máis de sabedoría sobre a realidade no mundo que non temos diante dos ollos. **(Xoel)**

19. Este libro componse de pequenos relatos de historias reais que ocorreron na guerra de Croacia no ano 1991. En cada relato nárrese unha historia persoal que consegue transmitir ao lector a crueldade da guerra, pero tamén ten capítulos alegres como en "En mans de Deus" que trata duns soldados que logran escapar tras ter quedado repasados pola liña inimiga. Persoalmente gustoume moito e todos os relatos me pareceron moi amenos e interesantes, polo que resultaría difícil destacar algún. Un moi bo é o do chatarreiro que recolle restos de materiais bélicos coa axuda dun rapaz. A pesares de ter un tráxico final, este relato pareceume moi bo. É un libro moi doado de ler. **(Luís)**

20. Este libro *Ruído, Relatos de guerra* está composto por trece relatos, onde o tema principal é a guerra, como ben o seu nome indica. A historia transcorre en Iugoslavia, un país en guerra que será a escena principal do libro. A verdade teño que dicir que me esperaba máis do que lin, xa que cando vin que se trataba de historias de guerra pensei que daría máis interesante e apaixonante. Tampouco estivo mal, pero si é certo que non foi tanto como esperaba, os relatos eran algo liosos ás veces, son todos moi similares e ás veces poden ser confusos. A min persoalmente un dos

que máis me gustou foi o de francotiradores ou o dos chararreiros, á parte das historias que se narraban neles que foi o que máis me chamou a atención quizais sexan os máis comprensibles do libro. En xeral calquera pode lelo porque tampouco está mal, pero que saibades que ás veces pode dar lugar a confusións entre uns relatos e outros debido á súa similitude. **(Ángela)**

21. O libro narra distintas historias da guerra de Saraxevo. A obra componse por diversos capítulos, pero todos distintos, xa que son narrados por distintas persoas: periodistas, guerrilleiros, chararreiros...; e moitos dos relatos rematan en morte, só un ou dous rematan de forma feliz. Os capítulos que máis me gustaron foron o de "os chararreiros" e o de "francotirador" porque non te imaxinabas o final que ían ter. En definitiva, o libro estivo interesante, pero nalgúns casos era moi macrabo, por iso non me acabou de convencer. **(Andrea)**

22. O libro trata a guerra de Saraxevo que partindo de relatos reais, o autor crea novas historias que ao igual que a guerra son violentos masacres e outros horrores. Mediante o uso dun vocabulario sinxelo ligado a un bélico (nomes de exércitos fascistas ou guerrillas), narra diferentes masacres ou asasinatos dunha guerra baseada na de Saraxevo. Dos trece relatos, ningún ten un final feliz, en todos eles relata a morte dun periodista estranxeiro, dun militar/policía ou de campesiños inocentes que "poden ser unha ameaza". Este libro sen dúbida convida a reflexionar sobre as aínda existentes guerras do século XXI, algunhas consideradas "legais" coma a de Iraq, ou por exemplo, o constante masacre entre o Estado de Israel e Palestina. **(Adrián)**

23. Dende o comezo impresionoume tremendamente a frialdade e a crueza coa que son relatados os sucesos reais acontecidos na guerra de Saraxevo. Engádelle máis dramatismo o pensar que van relativamente poucos anos de tal barbarie, e que, aínda que as historias en si non sexan fieis á realidade, os comezos son situacións reais, e seguramente sucesos iguais ou peores ocorreron, coa mesma dureza das páxinas do libro. Situacións sobrecolledoras tratadas dun modo ás veces tan sinxelo déixanche a pel de galiña, e obrígante a recapacitar no por qué de tanta violencia nun tempo no que as cousas poden solucionarse co diálogo e non coas granadas. Pareceume un texto moi diferente aos de certa 'fantasía' que estamos afeitos a ler, o cal demostra que unha vez máis, a realidade supera a ficción no que ao horror se refire. **(Xulia)**

24. *Ruído, relatos de guerra*, de Miguel Anxo Murado, é un libro composto por trece relatos curtos nos que os protagonistas (xornalistas, soldados, civís, etc) narran situacións vividas durante a guerra de Serbia no ano 1991. Na obra percíbese, claramente, a dor das familias ao ver as súas casas destruídas e o sufrimento dos soldados e xornaleiros que foron enviados alí polos gobernos dos países que participaron na guerra. Case todos os relatos mostran a reacción dos protagonistas ante distintas situacións. Por exemplo, no titulado "A morte en Croacia", no que un inocente expresa os seus pensamentos antes de ser fusilado, ou o "Zoolóxico", no que o protagonista visita un zoo destruído e observa aos animais mortos ou atemorizados polos continuos bombardeos. En conclusión, moitos gobernantes e persoas con cargos importantes deberían ler libros deste estilo para darse conta da dor e destrución que provocan as guerras e para decatarse de que non producen ningún beneficio. **(Jorge)**

25. *Ruído* é o título dun libro de relatos curtos, en concreto 13, que relatan numerosas anécdotas de diversos personaxes nas súas andanzas de participación na guerra de Croacia, polo ano 1991. O seu autor, Miguel Anxo Murado, dedícase profesionalmente á literatura e ao xornalismo; o libro naceu da experiencia deste como xornalista no conflito bélico iugoslavo. En xeral, gustáronme todas as historias, xa que a temática de guerra esperta o meu interese. Quedei moi satisfeito coas increíbles descrições que fai o autor das situacións que viven os personaxes, porén algunha delas é moi dura. Un dos sucesos que máis me gustou foi o de "Os chararreiros". Aмоса moi ben a realidade da xente que gaña algúns cartos vendendo as pezas metálicas ou carros de combate abandonados na fronte de batalla, aínda que esa historia acaba dunha forma trágica coa ... En conclusión, a pesar dalgunha palabra complicada da temática guerreira é un bo libro, pero tamén é doado confundir os acontecementos narrados nalgún relato, xa que todos tratan o mesmo tema. **(Iago)**

26. *Ruído, relatos de guerra* de Miguel Anxo Murado é un libro que consta de 13 relatos baseados na guerra de Iugoslavia, dos que podemos destacar "Zoolóxico", no que reflexa un zoolóxico bombardeado que o protagonista recorre observado o que sucede ao seu redor, ou "Entre o millo" aínda que ten un final un pouco estraño. É un pouco complicado de ler polo tema dos seus relatos como pola linguaxe utilizada. **(Irene)**